



CONCELLO DE PORTO DO SON

A Concellaría de Servizos Sociais e Igualdade de Porto do Son, en colaboración coa empresa *Son a túa axuda*, ven de programar un ciclo de charlas informativas sobre o coidado e as necesidades das persoas en situación de dependencia e orientación e tramitación das axudas da lei de dependencia por todas as parroquias do Concello. Os obxectivos destas charlas son:

- Caracterizar o concepto de autonomía persoal, analizando os factores que interveñen tanto na súa prevención e promoción, coma no seu deterioro.
- Clasificar os niveis de dependencia e as axudas requiridas asociados ao proceso de envellecemento, analizando os cambios e a deterioración producidos polo mesmo.
- Recoñecer as enfermidades xeradoras de dependencia, determinando os seus efectos sobre as persoas que as padecen.
- Orientar na tramitación das axudas da lei de dependencia.

As charlas serán durante o mes de marzo na :

- **Casa da Cultura de Ribasieira luns 16 ás 16.h.**
- **Casa da Cultura de Baroña luns 16 ás 17.30 h.**
- **Casa da Cultura de Queiruga luns 16 ás 19 h.**
- Casa da Cultura de Caamaño xoves 19 ás 16 h.
- Casa da Cultura de San Pedro de Muro xoves 19 ás 18 h.
- Casa da Cultura de Miñortos martes 24 ás 16 h.
- Casa da Cultura de Xuño martes 24 ás 18.15 h.
- Casa da Cultura de Portosín xoves 26 ás 16 h.
- Centro de Interpretación do Castro xoves 26 ás 18 h.

Javier Quiñoy Taboada